MARTES **3 DECEMBRO** 2019 • ANO VII - Nº 209 • Correo - liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# 1. Líder BASKET



Estudiantes Lugo — CB Ría de Ribadeo

73 | 99

# RIBADEO CHEGOU MÁIS ALTO

**Os de Sama** lograron a segunda vitoria na Liga Galega de Minibasket masculina tras remontar no derbi provincial un gran inicio de Estudiantes, que comezou dominando no marcador pero non puido manter o ritmo dos mariñaos



DERBI CADETE

76 | 85

## ESTUDIANTES RECUPERA O MANDO DA LIGA TRALO DERBI ANTE SAN CIPRIÁN

O Suministros Carreiras recibiu na Veiga aos capitalinos con pleno de vitorias e o liderado da Liga Galega cadete en xogo. Os de Javi Peinó, que chegaban tras sufrir a súa primeira derrota, saíron airosos tras desnivelar o encontro no terceiro cuarto, 5–21, recuperando o primeiro posto na táboa. O xoves Ribadeo recibe a un Ensino que pode igualar na clasificación cos celestes

LIGA GALEGA JÚNIOR FEM.

## ENSINO – ESTUDIANTES

Un dos encontros máis agardados da tempada disputarase o vindeiro 11 de decembro no Anexo a partir das 20:00 horas. O conxunto que dirixe Fernán Varela xogará antes outro aprazado, o venres en Ferrol ante Costa Ártabra, aproveitando o parón das competicións pola ponte da Constitución

| ENSINO 85 Xogadora | PTS. | BOSCO 38 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Paula | 11 | Lorenzo | |
| Carmen | 7 | Losada | |
| Alba | 8 | Alonso | |
| Matea | 9 | Álvarez | |
| Natalia G. | 7 | González | |
| Catuxa | | Rapela | |
| Laura | 8 | N. Pérez | |
| Elena | 9 | Pérez | |
| Natalia M. | 7 | Sotelo | |
| Maite | 9 | Salgado | |
| Eva | 5 | Carnero | |
| Any | 4 | Días | |

# O Ensino máis coral pon o listón dos play off moi alto

**DOCE XOGADORAS A UN BO NIVEL** sacaron a Bosco da pista. As de Miguel López chegan nun bo estado de forma para medirse a Estudiantes no derbi do día 11

**"HA SIDO UN PARTIDO FANTÁSTICO EN EL QUE TODAS LAS JUGADORAS HAN APORTADO SU GRANITO DE ARENA A LO LARGO DEL ENCUENTRO"**
MIGUEL LÓPEZ - Ensino

O Durán Maquinaria Ensino segue sumando vitorias coas que se asenta nos primeiros postos da clasificación, algo reservado esta tempada para un selecto grupo de equipos.

Bosco é un dos aspirantes a estar nese grupo de elixidos, pero no Anexo comprobou que o listón está moi alto.

Desde os primeiros minutos Ensino, a partir da defensa, tomou o mando do encontro e do marcador, cun parcial inicial de 24-12.

O dominio no rebote permitiu ao Ensino correr e anotar en rápidas transicións nos primeiros dez minutos. No segundo parcial a anotación local foi máis baixa, 13 puntos, pero en defensa secaron a un Bosco que se quedou en tan só 4 puntos para chegar ao descanso con 37-16.

Lonxe de deixarse levar pola diferenza no marcador, Ensino asinou o seu mellor parcial no terceiro cun xogo coral tanto en ataque como en defensa, firmando un 26-9 co que, ademais de sentenciar o encontro, mandaron un aviso aos aspirantes aos play off.



Natalia a piques de finalizar unha entrada a canastra



A ensinista Elena mira o aro ante a presión dunha rival


Paula nunha acción de ataque fronte ao banco rival

**11**

**MÉRCORES** día de derbi capitalino. O Durán Maquinaria Ensino medirase ao Estudiantes Leyma nun encontro aprazado correspondente á xornada catro da Liga Galega júnior feminina. O encontro dará comezo a partir das 20:00 horas no Anexo do Pazo dos Deportes


Laura busca a unha compañeira protexendo a pelota

**JUNIOR 1º DIV. FEMININO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Celta – B. Coruña | 85-53 |
| Carmelitas – C. Mariano | 47-49 |
| Rosalia – Peleteiro | 70-71 |
| Estudiantes – C. María | 70-40 |
| Durán Ensino – Bosco | 85-38 |
| C. Artabra – Cortegada | 57-54 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 8 | 7 | 1 | 0 | 500 | 363 |
| CELTA ZORKA | 7 | 7 | 0 | 0 | 552 | 284 |
| ROSALIA | 8 | 6 | 2 | 0 | 552 | 417 |
| **DURAN ENSINO** | **7** | **6** | **1** | **0** | **491** | **348** |
| COLEXIO MARIANO | 7 | 6 | 1 | 0 | 420 | 356 |
| BOSCO | 8 | 3 | 5 | 0 | 388 | 475 |
| **ESTUDIANTES** | **6** | **4** | **2** | **0** | **400** | **278** |
| COMPAÑIA MARIA | 8 | 2 | 6 | 0 | 372 | 494 |
| CARMELITAS | 8 | 2 | 6 | 0 | 316 | 419 |
| BASQUET CORUÑA | 8 | 1 | 7 | 0 | 432 | 548 |
| COSTA ARTABRA | 7 | 1 | 6 | 0 | 290 | 524 |
| CORTEGADA | 8 | 0 | 8 | 0 | 343 | 550 |

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Cortegada
Bosco - C. Artabra
Compañía María - Durán Ensino
Peleteiro - Estudiantes
Colexio Mariano - Rosalia
Celta - Carmelitas

# As celestes, sen parón esta semana

**ESTUDIANTES** volveu á senda da vitoria antes de afrontar as etapas alpinas. O venres xogan en Ferrol e o mércores 11 mídense ao Ensino e o día 14 a Peleteiro

| ESTUDIANTES 70 Xogadora | PTS. | CÍA. MARÍA 40 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Eva | | Arias | |
| María | | Buceta | |
| Sabela | | Morodo | |
| Yashina | | Philippot | |
| Marta | | Barcia | |
| Silvia | | Ramos | |
| Claudia | | Yáñez I. | |
| Cristina | | Yáñez E. | |
| Nuria | | López | |
| Laura | | Pego | |
| Carla | | Caride | |


A celeste Nuria adentrándose na pintura no Anexo


Eva Córdoba presionada por dous xogadoras rivais

Estudiantes volveu á senda da vitoria asinando un partido de menos a máis ante Compañía de María no que recargaron o depósito de confianza e boas sensacións para afrontar os dous próximos encontros, ambos aprazados no seu día, polo que Estudiantes non terá parón, coma maioría dos equipos.

O venres visitan a Costa Ártabra en Ferrol e o mércores 11 xogan o gran derbi ante Ensino e o día 14 visitan ao líder, Peleteiro en Santiago.

Todo iso tras impoñerse a Compañía de María nun partido que empezou con moita igualdade, co rival presionando a toda pista e tomando o mando no marcador no primeiro parcial, 12-14.

Xa no segundo Estudiantes empezou a atopar saídas á presión visitante e con iso empezou a marcar distancias no electrónico, 34-24, mentres que na segunda parte, tras encaixar tan só 16 puntos, sentenciaron con autoridade o encontro.

**"UN PARTIDO QUE NOS SIRVIÓ PARA GANAR EN CONFIANZA Y PARA ENGANCHARNOS DE NUEVO A LA COMPETICIÓN"**
FERNÁN VARELA - Estudiantes

**JUNIOR 1º DIV. MASCULINO**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bosco – Culleredo | 52-48 |
| CB Tui – C. Ourense | 81-82 |
| Durán Ensino – Obradoiro | 68-97 |
| Blanco Amor – B. Ferrol | 57-59 |
| Sigaltec – CB Allariz | 68-58 |
| Estudiantes – Rosalia | 73-74 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA CASTRO | 8 | 7 | 1 | 0 | 610 | 507 |
| OBRADOIRO | 7 | 7 | 0 | 0 | 597 | 357 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **6** | **1** | **0** | **550** | **444** |
| **DURÁN ENSINO** | **8** | **5** | **3** | **0** | **623** | **561** |
| C.B. TUI MASCATO | 7 | 4 | 3 | 0 | 559 | 527 |
| CB ALLARIZ | 8 | 3 | 5 | 0 | 550 | 561 |
| SIGALTEC | 8 | 3 | 5 | 0 | 552 | 586 |
| BASKET FERROL | 8 | 3 | 5 | 0 | 483 | 592 |
| BOSCO | 8 | 2 | 6 | 0 | 469 | 557 |
| CLUB OURENSE | 8 | 2 | 6 | 0 | 485 | 579 |
| KFC CULLEREDO | 7 | 3 | 4 | 0 | 371 | 477 |
| EDO BLANCO AMOR | 8 | 1 | 7 | 0 | 485 | 586 |

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - Rosalia
CB Allariz - Estudiantes
B. Ferrol - Sigaltec
Obradoiro - Blanco Amor
C. Ourense - Durán Ensino
Bosco - CB Tui


Jorge correndo un contraataque seguido dun rival


Lucas nunha acción rápida de ataque celeste


O cadete Álvaro coa pelota rodeado de contrarios

# A moeda caeu cruz para Estudiantes

**PARTIDAZO NO ANEXO** que calquera dos equipos puido gañar no intercambio de golpes final. Primeira derrota celeste do curso

| ESTUDIANTES 73 | | ROSALÍA 74 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Mikel | | Santiago | |
| Anxo | | Souto | |
| Álvaro | | Cayado | |
| Dani | | Golpe | |
| Cabe | | Mallou I. | |
| Jorge | | Gómez | |
| Diego | | Álvarez | |
| Lucas | | Mallou M. | |
| Adri | | Rodríguez | |
| Carlos | | | |
| Pedro | | | |

**"NO FUE NUESTRO MEJOR PARTIDO POSIBLE, PERO COMPETIMOS POR LA VICTORIA HASTA EL ÚLTIMO SEGUNDO"**
PABLO ABUÍN - Estudiantes

Estudiantes e Rosalía medironse nun duelo de máxima altura na Liga Galega júnior masculina. Ambos equipos son aspirantes a poñer fin ao dominio de Peleteiro, e no Anexo mostraron as súas cartas nun partidazo con igualdade e emoción ata os últimos segundos, nos que a moeda, nesta ocasión, caeu cruz para os lucenses.

Ata entón a igualdade reinou nos primeiros minutos, nos que Estudiantes non conseguiu estar ao seu mellor nivel en defensa, e iso aproveitouno Rosalía para tomar o mando no marcador cun 15-19 no primeiro parcial. Xa no segunda Estudiantes subiu o listón defensivo e moveu ben o balón ante a pechada defensa rival para empatar ao descanso, 33-33.

Na segunda parte houbo intercambio de golpes cunha primeira vantaxe compostelá de 10 puntos que neutralizou Estudiantes para chegar ao último cuarto cunha máxima igualdade, que se rompeu nos últimos instantes polo acerto no tiro libre e algunha canastra de mérito desde o tiro exterior, co que Rosalía levouse a vitoria nun partidazo.


Cabezudo trata de superar a presión dun xogador rival


Diego sae con velocidade nunha acción de contraataque

# O campión tivo que exprimirse para gañar

**PELETEIRO SEGUE COA FOLLA DE RUTA IMPOLUTA** tras impoñerse a un Ensino que tan só se descolgou no terceiro parcial, 16-33


O capitán ensinista, Olloqui, coa pelota ante un rival

| ENSINO 68 | | OBRADOIRO 97 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Eloy | | Pérez | |
| Mario | | Rodríguez | |
| Samuel | | Bello | |
| Antón Real | | Puentes | |
| Cristian | | Moure | |
| Hugo Rey | | Miguez | |
| Sergio | | González | |
| Jorge | | Berthold | |
| Olloqui | | Otsoa | |
| Dani López | | Fernández | |
| Seny | | González | |
| Sebas | | Iglesias | |

**"COMPETIMOS AL MÁXIMO NIVEL DURANTE MEDIA HORA"** ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo

Obradoiro Peleteiro, actual campión da Liga Galega júnior masculina e que suma por victorias todos os encontros da presente tempada, impúxose no Pazo dos Deportes a un Ensino que vendeu cara a derrota e que competiu de poder a poder 30 dos 40 minutos de xogo.

O potencial do conxunto santiagués quedou patente desde os primeiros minutos, nos que pese a que o Ensino conseguiu controlar o balance e as perdas de balón, os composteláns exhibiron un gran acerto en ataque para tomar o mando no marcador cun primeiro parcial de 13-25.

No segundo cuarto os lucenses xogaron o seu mellor baloncesto, cun gran nivel defensivo, con boa lectura do xogo en ataque e sobre todo, controlando o rebote para impoñerse por 19-15 e chegar ao descanso con 32-40 no marcador.

Trala tregua do intermedio, Peleteiro púxose o traxe de gala. Os santiagueses apropiáronse do rebote e dominaron a pintura para poñer terra polo medio cun terceiro parcial de 16-33 co que despegaron no marcador.

O orgullo, signo de identidade dos lucenses, apareceu cando peor pintaban as cousas para manterse en partido. Lonxe de baixar os brazos, nos últimos dez minutos competiron de poder a poder ante o equipo a bater nesta competición e máximo aspirante a revalidar o título de Liga, cun último parcial de 20-24 no que non permitiron a relaxación compostelá en ningún momento.

Ao final, sétima vitoria consecutiva para Obradoiro, único equipo invicto da categoría.


Antón trata de superar unha acción de un para un


Cristian a piques de lanzar a canastra baixo o aro


Hugo nunha acción de contraataque de Ensino



O plantel do Suministros Carreiras San Ciprián logo dun tempo morto nun encontro disputado esta tempada no Pavillón da Veiga, en San Ciprián

# Estudiantes humanizou ao San Ciprián no derbi

**PRIMEIRA DERROTA DOS MARIÑAOS ESTE CURSO** ante un rival que recupera o primeiro posto da Liga Galega cadete tras romper o encontro no terceiro parcial, 5-21

| SAN CIPRIÁN 76 | | ESTUDIANTES 85 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Manuel | | Andrés | |
| Mario | 23 | Mikel | 20 |
| Manu | | Simón | 7 |
| Miguel | 2 | Álvaro | 22 |
| Diego | 11 | Dani | 12 |
| Dani | | Óscar | 6 |
| Antón | 19 | Lucas | 5 |
| Carlos | 2 | Cristian | 4 |
| Marcos | | Rafa | |
| Hugo | 19 | Germán | |
| | | Brais | 9 |

**“REGALAMOS EL PARTIDO EN EL TERCER CUARTO PERO FELICITO AL EQUIPO POR NO BAJAR LOS BRAZOS Y SEGUIR LUCHANDO HASTA EL FINAL”**

MANOLO COBAS - San Ciprián

**“SACAMOS ADELANTE EL PARTIDO EN UNA PISTA MUY COMPLICADA Y ANTE UN GRAN RIVAL. HAY QUE SEGUIR TRABAJANDO”**

JAVI PEINÓ - Estudiantes

Estudiantes puxo fin á xeira triunfal de San Ciprián na Liga Galega cadete, recuperando o primeiro posto no derbi Provincial da xornada.

Un encontro no que se median os dous primeiros da clasificación e que estivo á altura das expectativas.

De inicio os dous equipos atoparon vías para anotar con fluidez, 19-21 no primeiro parcial e 25-19 no segundo para chegar ao descanso con 44-40 tras unha primeira parte na que Estudiantes se cargou de faltas, 16 no primeiro tempo, mentres que San Ciprián mantíñase por diante no marcador cun goteo constante de puntos desde o tiro libre, con peores porcentaxes de acerto no tiro exterior do que é costume nos de Manolo Cobas.

Tralo descanso, Estudiantes variou o rumbo do encontro cunha gran defensa coa que propiciou perdas de balón locais e canastras fáciles á contra. Todo iso traduciuse nun terceiro parcial de 5-21 co que lle deron a volta ao marcador e puxeron rumbo fixo cara á vitoria.

San Ciprián sacou o seu orgullo a relucir. Lonxe de baixar os brazos os mariñaos, pese a ir 15 abaixo no marcador e chegar moito máis xustos de forzas ao tramo final que un Estudiantes con máis fondo de armario, conseguiron igualar forzas de novo e impoñerse nos últimos dez minutos 28-24 para deixar a diferenza final en nove puntos, 76-85.

Ao final, vitoria e liderado para un Estudiantes dirixido por Álvaro e Mikel en ataque, e que con máis fondo de armario que San Ciprián protagonizou a primeira derrota dos mariñaos esta tempada na Liga Galega cadete.

# Ante Peleteiro, desde o podio

**ENSINO FIRMOU O SEU MELLOR ENCONTRO** e medirase ao líder dende o terceiro posto

| ENSINO 79 | | C. ÁRTABRA 53 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Enma | 2 | Aller | |
| Silvia | 4 | Pena | |
| Eva | 36 | Arteaga | |
| Carla Paz | | Alleque | |
| Leyre | 2 | Rivas | |
| Lorena | | Freire | |
| Carolina | | Rodríguez | |
| Laura | | Pérez | |
| Carla G. | 3 | Port | |
| Paula | 26 | Álvarez | |
| Lucía | 6 | Bores | |



A xogadora ensinista Lucía adentrándose na pintura



Carla a piques de finalizar unha entrada a canastra

O Cafés Candelas Ensino disputou o seu mellor encontro da tempada ante Costa Ártabra, asaltando o podio da Liga Galega cadete desde onde recibirán na próxima xornada, tralo parón, a Peleteiro, líder invicto da competición.

A vitoria ante Costa Ártabra empezou a fraguarse ao longo da semana con bos adestramentos que lle deron ao equipo a confianza necesaria. No primeiro cuarto as lucenses repuxéronse a un parcial de 0-6 para pechalo con 18-16, con boas defensas e movendo ben o balón en ataque.

No segundo Ensino xogou un bo baloncesto, coas ideas moi claras ante un rival que se mantivo con vida no marcador con 3 triplos da súa mellor xogadora para chegar ao descanso con 38-30.

Na segunda parte as visitantes suscitaron unha defensa zonal mixta que secou un pouco a Ensino, pero en canto empezaron a mover o balón con soltura, dominaron con autoridade ata sentenciar o partido con dous parciais de 20-16 e 21-7 na segunda parte.

**“GRAN TRABAJO SEMANAL Y DURANTE EL PARTIDO DE LAS JUGADORAS. ESTA ES LA MENTALIDAD CON LA QUE TENEMOS QUE AFRONTAR LOS ENCUENTROS”**

DAVID MARTÍNEZ - AIGO ROMO
Cafés Candelas Ensino

# Ría de Ribadeo cotiza á alza trala segunda vitoria consecutiva

**IKER,** cunha tripla a falta de 17 segundos, puxo fin á resistencia rival

| RIBADEO 74 | | CULLEREDO 72 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | PTS. |
| Iker | 30 | García | |
| Anxo | 7 | Seoane | |
| Cristian | 16 | Cuadrado | |
| Darío | | Iglesias | |
| Joaquín | 2 | López | |
| Dani | | Lorenzo | |
| Manu | 16 | Rodríguez | |
| Simón | | Ferrer | |
| | | Gayoso | |
| | | Val | |

**“IMPORTANTE VICTORIA PARA EL EQUIPO EN EL PRIMER PARTIDO EN MUCHO TIEMPO EN EL QUE ESTÁN DISPONIBLES TODOS LOS JUGADORES Y NO SUFRIMOS NINGÚN PERCANCE FÍSICO. AHORA A SEGUIR TRABAJANDO”**

SAMA - Ría de Ribadeo

Segunda vitoria consecutiva para un Ría de Ribadeo que, por fin, contou con todos os xogadores dispoñibles e en óptimo estado de forma, algo que Sama non puido facer desde o inicio de tempada polas numerosas lesións que tiveron os mariñaos.

Con todos dispoñibles, Ribadeo cotiza á alza na Liga Galega cadete. Tras impoñerse a pasada xornada a Costa Ártabra, nesta fixérono ante Culleredo en espectacular encontro, marcado na primeira parte pola alegría ofensiva, 40-45, na que Ribadeo descoidou a defensa confiando no seu potencial ofensivo, pero Culleredo tomou o mando aproveitando en moitas ocasións segundas opcións de tiro.

Sama variou o rumbo do encontro no descanso, xa que Ribadeo púxose o mono de traballo en defensa e deixou a Culleredo en 10 puntos no terceiro cuarto, remontando no marcador para chegar con máis catro ao os últimos dez minutos.

Culleredo mantívose con vida ata o desenlace final, poñéndose por diante, 71-72 a falta de tan só 17 segundos para o final. Ribadeo mantivo a calma cando máis complicado era facelo, e Iker demostrou que baixo presión é dos xogadores máis fiables da Liga ao anotar un triplo co que puxo por diante e deulle unha axustado vitoria final a Ribadeo, a segunda consecutiva.

**CADETE 1º MASCULINO NORTE**

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – B. Coruña | Apr. |
| Ría Ribadeo – Culleredo | 74–72 |
| Ensino – C. Artabra | 77–56 |
| San Ciprian – Estudiantes | 76–85 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **7** | **6** | **1** | **0** | **560** | **468** |
| **SAN CIPRIAN** | **7** | **6** | **1** | **0** | **517** | **444** |
| **ENSINO LUGO** | **6** | **5** | **1** | **0** | **427** | **365** |
| BASKET FERROL | 6 | 3 | 3 | 0 | 420 | 425 |
| BASQUET CORUÑA | 6 | 3 | 3 | 0 | 437 | 458 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **6** | **2** | **4** | **0** | **395** | **432** |
| KFC CULLEREDO | 7 | 1 | 6 | 0 | 464 | 523 |
| COSTA ARTABRA | 7 | 0 | 7 | 0 | 350 | 455 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Estudiantes - B. Coruña
San Ciprián - C. Artabra
Ensino Lugo - Culleredo
Ría Ribadeo - B. Ferrol

**CADETE 1º FEMININO NORTE**

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Peleteiro – Maristas | 72–62 |
| C. Ensino – C. Artabra | 79–53 |
| Culleredo – Giraldo | 55–41 |
| Estudiantes – Rosalia | 81–70 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 7 | 7 | 0 | 0 | 472 | 314 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **5** | **2** | **0** | **494** | **441** |
| **CANDELAS ENSINO** | **7** | **4** | **3** | **0** | **456** | **426** |
| MARISTAS CORUÑA | 7 | 4 | 3 | 0 | 463 | 455 |
| COSTA ARTABRA | 7 | 3 | 4 | 0 | 460 | 472 |
| INSTITUTO ROSALIA | 7 | 2 | 5 | 0 | 413 | 473 |
| KFC CULLEREDO | 7 | 2 | 5 | 0 | 391 | 452 |
| GIRALDO CBV | 7 | 1 | 6 | 0 | 358 | 474 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Rosalia - Maristas
Estudiantes - Giraldo
Candelas Ensino - Peleteiro
C. Artabra - Culleredo

**33**

**PUNTOS DE IKER** para o Ría de Ribadeo ante Culleredo. O xogador mariñao foi determinante no triunfo ao asinar unha tripla a falta de 17 segundos con 71-72 no marcador. Tras superar unha lesión e recuperar a forma, Iker volve ser un dos xogadores máis determinantes da Liga Galega cadete

**36**

**PUNTOS DE EVA PARDO,** que dirixiu a mellor versión do Ensino esta tempada na Liga Galega. Os números da xogadora lucense non deixan de medrar co paso das xornadas e ante Peleteiro terá unha proba de fogo co resto das súas compañeiras

**22**

**PUNTOS ÁLVARO** MVP do derbi da xornada. O xogador do Estudiantes foi o máximo anotador do seu equipo ante un San Ciprián no que Mario, con 23, converteuse no máximo anotador do encontro disputado o pasado domingo no pavillón da Veiga

# O Ensino irá a Ribadeo a polo coliderado da Liga

**TRAS IMPOÑERSE A C. ÁRTABRA NO ANEXO,** os de Adrián González xogan o xoves na Mariña o derbi aprazado, no que unha vitoria devolvería aos capitalinos ao máis alto

| ENSINO | | C. ÁRTABRA |
|---|---|---|
| **77** | | **56** |
| **Xogador** | **PTS** | **Xogador** |
| Samuel | 10 | Gutierrez |
| Durán | 7 | De la Fuente |
| Ruano | 6 | De la Fuente |
| Pablo | 2 | López |
| Martínez | | de Vierna |
| Carreira | 15 | Couce |
| Juan Bao | 16 | Pulpeiro |
| Iago | | Lage |
| Álex Bao | 3 | Morate |
| Joel | 18 | Fernández |
| Seny | | |

Ensino impúxose nun partido máis efectivo que vistoso a Costa Ártabra no Anexo. Unha vitoria que permite aos de Adrián González viaxar a Ribadeo a polo liderado da Liga Galega cadete, nun partido aprazado da terceira xornada e que se disputará o vindeiro xoves a partir das 20:00 horas.

Para chegar con opcións de unirse no máis alto a Estudiantes e San Ciprián, Ensino tiña que saír airoso neste encontro, e fíxoo, aínda que sen xogar a súa mellor versión.

O 35-21 co que se chegou ao descanso era claro, pero eclipsaba as lagoas defensivas dun Ensino que, tralo intermedio, encaixou un parcial de 13-17 co que Costa Ártabra chegou a crer nas súas opcións de remontada.

Con todo, cando peor pintaban as cousas, os lucenses recuperaron a súa mellor versió cun xogo vertical, traballo colectivo e aumentando o nivel definitivo para sentenciar o encontro cun último parcial de 29-10 e chegar con boas sensacións ao derbi do próximo xoves.

**"CONSEGUIMOS LA VICTORIA, PERO CON MUCHAS MÁS SOMBRAS QUE LUCES A LO LARGO DEL ENCUENTRO"** ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo



O ensinista Samu supera a un rival no poste baixo


Álex Bao coa pelota nunha acción de contraataque


Joel lanzando a canastra por riba dun xogador ferrolán

# Triunfo coa solvencia por bandeira

**ESTUDIANTES ENCONTROU ALTERNATIVAS SOBRE A MARCHA** para impoñerse a un Rosalía que se presentou no Anexo tras dúas vitorias consecutivas e en liña ascendente

| ESTUDIANTES | ROSALÍA | |
|---|---|---|
| **81** | **70** | |
| **Xogadora** | **Xogadora** | **PTS.** |
| Lian | Lado | |
| Iria | De Paz | |
| Celia | Rama | |
| Candela | Hermo | |
| Enma | Riveiro | |
| María | Rodríguez | |
| Marta F. | García | |
| Claudia | López | |
| Laura | Pérez | |
| Carla | Castro | |
| Marta R. | Fernández | |

Estudiantes afiánzase no segundo posto da Liga Galega cadete feminina tras impoñerse a Rosalía nun partido no que as de Fernán Varela atoparon solucións sobre a marcha para chegar ao desenlace final co partido relativamente baixo control.

Todo iso ante un rival que se presentou no Anexo no seu mellor momento da tempada. Tras superar un mal inicio de Liga, as compostelás medíronse a Estudiantes cotizando á alza tras dúas vitorias consecutivas.

No Anexo mostraron a súa dinámica nun partido de poder a poder, con intercambio de canastras no primeiro cuarto de hora, no que Rosalía chegou a mandar por 12-22 no marcador. Con todo, cando peor pintaban as cousas, Estudiantes saíu a flote cunha gran reacción para chegar ao descanso con 36-28 no marcador.

Rosalía suscitou diferentes defensas para secar a Estudiantes e as compostelás recortaron distancias no terceiro cuarto cun parcial de 17-21, poñéndose a cinco puntos de cara aos últimos dez minutos, tempo no que Estudiantes atopou vías para anotar con fluidez, chegando ata ao desenlace final con relativa comodidade tras un último parcial de 28-21 co que puxeron o listón moi alto para Rosalía.

Na próxima xornada Estudiantes viaxa a Ferrol para medirse con Costa Ártabra no segundo encontro da segunda volta.


Fernán Varela dando instrucións no banco


A celeste Claudia nunha acción de ataque


Enma coa pelota nun lance do xogo


Carla mirando o aro entre dúas rivais

**"ESTOY MUY CONTENTO CON LA CAPACIDAD DE TODAS LAS JUGADORAS PARA NO PONERSE NERVIOSAS SEAN CUALES SEAN LAS CIRCUNSTANCIAS DE PARTIDO"**

FERNÁN VARELA - Estudiantes

# KO para pechar unha volta

**ESTUDIANTES PECHOU A PRIMEIRA ROLDA DESTA FASE** asinando o encontro máis cómodo, no que dominou todas as facetas do xogo ante Pontevedra no Anexo

| ESTUDIANTES 64 | | INMOPONTE 13 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Laura | | Rodríguez | |
| Maria A. | | Casado | |
| Ana | | Lendoiro | |
| María C. | | Álvarez | |
| Pau | | Monte | |
| Aroa | | Raposeiras | |
| Paula | | Vila | |
| Alma | | Portela | |
| Ari | | Alfonsón | |
| Iria | | Adrio | |
| Daniela | | Silva | |
| | | Gómez | |


Maria Castro correndo unha xogada de contraataque


A celeste Iria realizando unha entrada a canastra

**"BUEN PARTIDO DEL EQUIPO PARA TERMINAR LA PRIMERA VUELTA DE LA COMPETICIÓN"**
ÁNGEL RIOBOO - Estudiantes

Estudiantes Leyma pechou a primeira volta da Liga Galega infantil Norte no podio da clasificación tras impoñerse por KO a Pontevedra no encontro máis cómodo disputado ata a data polo conxunto que dirixe Ángel Rioboo.

Desde os primeiros minutos as lucenses dominaron practicamente todas as facetas do xogo, abrindo rapidamente brecha no marcador cun parcial inicial de 22-4.

O ritmo de xogo no segundo cuarto foi máis baixo, pero tamén a favor dun Estudiantes que co 16-3 do segundo parcial deixou o marcador en 38-7 ao descanso. A superioridade mantivose ao comezo da segunda parte, 24-6 no terceiro parcial para pechar o marcador na primeira acción do último cuarto.

Estudiantes pecha a primeira volta con cinco vitorias e dúas derrotas, empatado na segunda posición con Costa Ártabra.

**Derbi Provincial**

Tralo parón da próxima fin de semana, Estudiantes recibirá no Anexo ao Academia A Mariña Burela. No encontro da primeira volta as capitalinas impuxéronse por catro puntos 54-60, polo que se presenta un encontro de poder a poder ante un Burela que é competitivo ante calquera rival e en calquera pista.


Ana a piques de lanzar baixo o aro na pista do Anexo

## A defensa volveu guiar ao Estudiantes

**PODIO** celeste ao remate da primeira volta da Liga

| CULLEREDO 56 | | ESTUDIANTES 84 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Golpe | | Brais | 30 |
| Santiso | | Santi | 18 |
| Hernández | | Mateo | |
| Alonso | | Pi | 3 |
| Gómez | | Dani | 3 |
| Moretti | | Pablo | |
| Alonso | | Leo | 8 |
| Hurjales | | Bernal | 2 |
| | | Rozas | |
| | | Serguei | 18 |
| | | Mario | 2 |

**"MUY CONTENTO CON EL EQUIPO, HEMOS LOGRADO GANAR JUGANDO MUY BIEN AL BALONCESTO"**
NICO FDEZ- Estudiantes

Estudiantes Leyma pechou a primeira volta da Liga Galega infantil masculina cunha nova vitoria coa que asaltaron o podio da clasificación.

Os de Nico Fernández impuxéronse en Culleredo cun baloncesto de moito nivel, especialmente ao poñer o listón defensivo moi alto e con boa circulación de balón en ataque.

O 4-22 de primeiro parcial xa deixaba visto para sentenza un encontro no que Culleredo quixo reaccionar, pero a dinámica ascendente de Estudiantes mantivo sempre baixo control aos locais, 17-16 no segundo parcial para chegar ao descanso con 21-38.

Culleredo non baixou os brazos, e un cunha presión alta intentou cortar a sangría. Con todo, co paso dos minutos Estudiantes atopou vías para saír airoso dela, e cun bo baloncesto foi ampliando a vantaxe ata o definitivo 56-48.

## Cruel desenlace final para un gran Burela

**31-17 NO ÚLTIMO PARCIAL** tras un recital defensivo na primeira parte, na que encaixaron 15 puntos

| C. ARTABRA 58 | | CB BURELA 53 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Prieto | | Henar | 17 |
| Álvarez | | Sara | 13 |
| Villar | | Zaida | |
| Bores | | Emma | 2 |
| Cotovad | | Laura | 2 |
| Villares | | Lucía | 9 |
| Coira | | Cecilia | 6 |
| Horjales | | Sabela | |
| Cabezal | | Paula | 4 |
| Fernández | | | |
| Pol | | | |

**"GRAN TRABAJO Y ESFUERZO SIN RECOMPENSA, NI UN PERO AL EQUIPO. SEGUIMOS TRABAJANDO"**
NACHO MOTA -JUANMA LÓPEZ
Academia A Mariña CB Burela

Burela caeu en Ferrol nun encontro con máis lecturas positivas que negativas tras unha primera parte na que deron un recital defensivo, deixando ás locais en 15 puntos. As mariñás asinaron os tres primeiros cuartos practicamente perfectos, 6-12, 9-12 e 12-11. Mentres que no último, con Sara expulsada por faltas e unha defensa local ao borde do regulamento, Costa Ártabra remontou o partido.

Cuarta derrota nunha primeira volta na que Burela perdeu os seus partidos por 7,5,4 e 3 puntos respectivamente.


A mariñá Cecilia nun encontro desta temporada


Samuel Viño, autor de 19 puntos en Santiago de Compostela

## Obradoiro exhibiu músculo ante Maristas

**SUPERIORIDADE FÍSICA** nun encontro no que os de Rubén Engroba careceron de dureza

| OBRADOIRO 82 | | MARISTAS 32 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Romero | | Mauro | 3 |
| Aldrey | | Néstor | |
| Sánchez | | Miguel | |
| Domínguez | | David | |
| Vilariño | | Samuel V. | 19 |
| Vilaso | | Gabriel R. | 2 |
| Rivas | | Alexis | |
| Castro | | Jorge | |
| Viqueira | | Julián | 7 |
| Mateo | | Yishak | |
| Franco | | | |

**"JUGARON EL BALONCESTO QUE NOSOTROS PRETENDEMOS Y NO SOMOS CAPACES, ADEMÁS DE PARECER FÍSICOS DE CATEGORÍAS DISTINTAS"**
RUBÉN ENGROBA - Maristas

Obradoiro non deu opcións a un Maristas que chegou moi xusto fisicamente ao encontro, con xogadores sen adestrar por semana e que se viron arrollados en Santiago por un Obradoiro moi físico que lle imprimiu unha gran intensidade ao xogo.

O parcial inicial de 10-0 xa era un preludio do que seria o resto do encontro, no que Maristas tan só tivo a Samuel Viño a un nivel optimo.

**30**

**PUNTOS DE BRAIS** O xogador do Estudiantes asinou a súa máxima puntuación esta tempada ante Culleredo dirixindo o xogo coral dos celestes. Santi e Serguei, con 18 puntos, tamén remataron o encontro en dobres díxitos

**17**

**PUNTOS DE HENAR** máxima anotadora do Burela nun encontro en Ferrol no que Sara asinou 13 antes de ter que irse o banco no último parcial

### INFANTIL 1º FEMININO NORTE

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Rosalia – Peleteiro | 68-45 |
| Junquera – CB Arxil | 70-35 |
| C. Artabra – Mariña Burela | 58-53 |
| Estudiantes – Inmoponte | 64-13 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 7 | 7 | 0 | 0 | 469 | 300 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **5** | **2** | **0** | **432** | **376** |
| GRUPO JUNQUERA | 7 | 4 | 3 | 0 | 400 | 314 |
| COSTA ARTABRA | 6 | 4 | 2 | 0 | 361 | 337 |
| **MARIÑA BURELA** | **7** | **3** | **4** | **0** | **430** | **363** |
| C.B. ARXIL | 7 | 2 | 5 | 0 | 368 | 489 |
| PELETEIRO | 7 | 2 | 5 | 0 | 399 | 408 |
| CAB INMOPONTE | 6 | 0 | 6 | 0 | 113 | 385 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Inmoponte - Peleteiro
Estudiantes - Mariña Burela
C. Artabra - CB Arxil
Junquera - Rosalia

### INFANTIL 1º MASCULINO NORTE

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Narón – Montrove | 38-51 |
| B. Coruña – Betanzos | 42-69 |
| Obradoiro – Maristas Lugo | 82-32 |
| Culleredo – Estudiantes | 56-84 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO CAB | 7 | 7 | 0 | 0 | 516 | 325 |
| BETANZOS | 7 | 5 | 2 | 0 | 488 | 450 |
| **ESTUDIANTES** | **7** | **5** | **2** | **0** | **535** | **424** |
| NARÓN | 7 | 4 | 3 | 0 | 456 | 365 |
| **MARISTAS LUGO** | **7** | **3** | **4** | **0** | **470** | **492** |
| KFC CULLEREDO | 7 | 2 | 5 | 0 | 383 | 491 |
| MONTROVE | 7 | 2 | 5 | 0 | 448 | 486 |
| BASQUET CORUÑA I | 7 | 0 | 7 | 0 | 311 | 574 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Estudiantes - Montrove
Culleredo - Maristas Lugo
Obradoiro - Betanzos
B. Coruña - Narón

# Burela volve gañar

**TRALA AXUSTADA DERROTA NO DERBI,** o conxunto de Carlos Madar impúxose na Coruña exhibindo fondo de armario



Candela foi a máxima anotadora mariñá, con 17 puntos

| LOS ROSALES 40 Xogadora | PTS. |
|---|---|
| González | |
| Buján | |
| Peteira | |
| Lema | |
| Ibáñez | |
| Lorenzo | |
| Lozano | |
| Ría | |
| Sánchez | |
| Horas | |

| CB BURELA 66 Xogadora | PTS. |
|---|---|
| Henar | 12 |
| Candela | 17 |
| Sara | 10 |
| Laura | 11 |
| Paula | 6 |
| Irea | 6 |
| Nerea | 2 |
| Aroa | 2 |
| Lucía | |
| Mariama | |

O Academia A Mariña Burela deu carpetazo á axustada derrota no pasado derbi ante Estudiantes, cunha vitoria na Coruña ante Os Rosales para seguir nos primeiros postos do Grupo Norte da Liga Galega preinfantil.

As herculinas, que aínda non coñecen a vitoria esta tempada, sorprenderon cun bo nivel de xogo sen cesar nin un segundo de loitar por cada balón.

Burela, sen chegar a estar en ningún momento ao seu mellor nivel, foi gañando por pequenas diferenzas cada un dos parciais para chegar ao desenlace final con certa comodidade e poder dar minutos de calidade unha vez máis a todas as xogadoras.

O primeiro cuarto terminou con 12-14 e o segundo con 10-18, dez puntos de renda ao descanso que se ampliaron no terceiro parcial con 4-19, deixando o encontro visto para sentenza.

O Academia A Mariña volverá xogar en Burela case un mes logo do seu último encontro, recibindo o 15 de decembro a Costa Ártabra, segundo clasificado, tralo parón da próxima fin de semana.

**"TEMOS QUE MELLORAR CANDO AFRONTAMOS ESTE TIPO DE PARTIDOS"**
CARLOS MADAR - CB Burela

**+3**

**VICTORIAS PARA BURELA**
que no que vai de Liga tan só perdeu un encontro, e por un punto, ante Estudiantes no derbi Provincial

**1**

**PARTIDO** xogará o Estudiantes ata o próximo 25 de xaneiro. As de Zaida Iglesias descansan na próxima xornada e o parón de Nadal alárgase ata finais de xaneiro na Liga Galega preinfantil

**14**

**PUNTOS DE SAMU** no complicado encontro que disputou Estudiantes ante un San Tirso que, como ante Celtas, plantexou unha defensa zonal practicamente durante todo o partido

**PRE-INFANTIL FEM. NORTE**

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Los Rosales - M. Burela | 40-66 |
| C. Artabra - Estudiantes | 59-57 |
| Baxi Ferrol - Esclavas | Apr. |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **6** | **5** | **1** | **0** | **331** | **211** |
| COSTA ARTABRA | 5 | 4 | 1 | 0 | 283 | 185 |
| **MARIÑA BURELA** | **5** | **4** | **1** | **0** | **322** | **231** |
| BASQUET CORUÑA | 5 | 3 | 2 | 0 | 260 | 163 |
| BAXI FERROL | 4 | 1 | 3 | 0 | 207 | 185 |
| BV LOS ROSALES | 5 | 0 | 5 | 0 | 91 | 318 |
| ESCLAVAS | 4 | 0 | 4 | 0 | 26 | 227 |

PRÓXIMA XORNADA
